



BANDO MUNICIPAL

DONA MARÍA CARMEN GUEIMUNDE GONZALEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO. DE VIVEIRO

FAI SABER

Que entre os días 22 e 27 de agosto celebrárase en Viveiro a tradicional Romería do Naseiro.

Co obxecto de garantir a seguridade, o respecto ao medio ambiente e a boa convivencia, LÉMBRASE Á VECIÑANZA o seguinte:

- Está prohibido pechar as parcelas con plásticos negros ou materiais que non se integren no entorno.
- Debido á situación de alerta por incendios:
 - Non se permite a venda nin o uso de petardos, fogos artificiais ou material pirotécnico.
 - Queda prohibido facer barbacoas ou calquera tipo de lume.
- Habílanse sanitarios nas inmediacións. Prégase o seu adecuado uso.
- Os residuos deben depositarse nos colectores instalados, respectando a recollida selectiva.
- Todos os obxectos e materiais empregados deberán retirarse ao rematar a romaría. Para isto habilitaranse puntos de recollida.
- A romaría celébrase nun espazo natural protexido da Rede Natura 2000, polo que é imprescindible respectar o entorno e as normas de protección vixentes.

Solicítase a colaboración de todas as persoas asistentes para o bo desenvolvemento da festa, desexándolles que gocen dun feliz Naseiro 2025.

En Viveiro, 21 de agosto de 2025

A ALCALDESA
Asdo.: MARÍA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

